



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA

Agra de Baño 21, MUROS – 15259

Tlf.: 881 867 110

ies.fontexeria@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA

Departamento de Orientación

INFORMACIÓN: ACCESO AOS CICLOS DE GRAO MEDIO DE FP MEDIANTE PROBAS LIBRES

De carácter anual, a Consellería convoca as probas de acceso libre á FP tanto de Grao Medio como de Grao Superior. O obxectivo destas probas é facilitar o acceso as ditas ensinanzas para aquel alumnado que non cumpre cos requisitos académicos e cumpre cos requisitos de idade :

- Titulación requirida para o acceso á FP de Grao Medio: Graduado/a ESO (ou equivalentes)
- Titulación requirida para o acceso á FP de Grao Superior: Graduado/a BACHARELATO (ou equivalentes)

Temos, polo tanto, que o carácter das respectivas probas basease nos requisitos académicos de entrada as ditas ensinanzas profesionais.

PROBAS LIBRES DE ACCESO AOS CICLOS MEDIOS DE FP_GALICIA

[Calendario probas Convocatoria 2021](#)

1. Requisitos das persoas participantes

As persoas que non cumpran os requisitos académicos esixidos para acceder a eles e teñan **17 anos ou os fagan no ano natural de celebración da proba**.

2. Estrutura e organización da proba

A estrutura e a organización da proba están definidas no artigo 38.3 do Decreto 114/2010. Cada parte organizarase en probas de distintas materias, conforme o seguinte:

a) Parte SOCIOLINGÜÍSTICA:
- Lingua Castelá.
- Lingua Galega.
- Ciencias Sociais.
b) Parte MATEMÁTICA
- Matemáticas
c) Parte CIENTÍFICO – TÉCNICA
- Ciencias da natureza
- Tecnoloxía

3. Exencións da proba ou de partes da proba: en calquera caso aínda que se solicite a exención é preciso facer o proceso de admisión ás probas no prazo establecido na convocatoria. A exención concédese a posteriori

Exención da parte sociolingüística:

- Exención recoñecida nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia
- Superación dos módulos profesionais de Comunicación e Sociedade I e II dun título de formación profesional básica
- Superación dos ámbitos social e de comunicación dun programa de cualificación profesional inicial
- Superación dos ámbitos social e de comunicación do nivel II da educación secundaria para as persoas adultas



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA

Agra de Baño 21, MUROS – 15259

Tlf.: 881 867 110

ies.fontexeria@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA

Departamento de Orientación

Exención da parte matemática e da parte científico-técnica:

- Exención recoñecida nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia.
- Superación dos módulos profesionais de Ciencias Aplicadas I e II dun título de formación profesional básica.
- Superación do ámbito científico-tecnolóxico dun programa de cualificación profesional inicial.
- [Superación do ámbito científico-tecnolóxico do nivel II da educación secundaria para as persoas adultas.](#)

Exención da parte científico-técnica:

- Exención recoñecida dunha convocatoria anterior das probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia.
- Superación dos módulos profesionais dun título de formación profesional básica agás o módulo de Formación en Centros de Traballo e os módulos asociados aos bloques comúns.
- Superación dos módulos específicos profesionais (exceptuando o módulo de Formación en Centros de Traballo) dun programa de cualificación profesional inicial.
- Certificado de profesionalidade de calquera nivel, consonte o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.
- [Acreditación, como mínimo, do tempo equivalente a un ano de experiencia laboral a xornada completa, con independencia do campo profesional en que se traballase. As persoas interesadas deberán cumprir este requisito con anterioridade á conclusión do período de inscrición para as probas. Deberá acreditarse esta circunstancia co informe de vida laboral \(traballadores conta allea\) ou da pagadoría do centro de destino no caso de persoal das Forzas Armadas. E informe de vida laboral no que consten as cotizacións no réxime especial de traballadores/as autónomos/as ou equivalente.](#)

4. [Modelos de probas de convocatorias anteriores](#)

Acceso aos exames e respostas da convocatoria clicando nos seguintes enlaces:

- **Convocatoria exames 2020**
- [Versión amarela](#)
- [Versión azul](#)
- **Outras convocatorias:**
<http://www.edu.xunta.gal/fp/node/255>

Acceso aos exames de convocatorias anteriores das probas libres da ESO: pode servírnos de apoio xa que o referente normativo das probas é o mesmo (aínda que nas probas de FP non nos examinemos de lingua estranxeira, entre outras). Deixo enlaces a estas probas da ESO das últimas convocatorias

- [Probas do mes de maio de 2017](#)
- [Probas do mes de setembro de 2017](#)
- [Probas do mes de maio de 2018](#)
- [Probas do mes de setembro de 2018](#)
- [Probas do mes de maio de 2019](#)
- [Probas do mes de setembro de 2019](#)
- [Probas do mes de setembro de 2020](#)




Departamento de Orientación

5. Preparación das probas: o Centro integrado de ensináncias regladas a distancia del Ministerio <http://www.educacionyfp.gob.es/mc/cidead/centro-integrado/nuestro-centro.html> oferta un curso preparatorio para as probas libres de acceso á FP. É preciso solicitar autorización á administración educativa da Comunidade Autónoma e facer a solicitude no prazo estipulado. Así mesmo, achegamos algún material que pode servir de referencia:
 - [Material educación secundaria para persoas adultas da Consellería de Educación](#)
 - [Material educación secundaria para persoas adultas Consejería de Andalucía](#)
 - [Material educación secundaria para persoas adultas de la Consejería Castilla y León](#)
 - Manuais á venda: referencias bibliográficas (ollos nestes materiais non hai especificación á Lingua Galega que se debería preparar por outra parte)



Editorial Paraninfo

Temario pruebas de acceso a ciclos formativos de grado...



Lengua Y Literatura. Graduado En Educación Secundaria (Prueba Libre). Ciclos Formativos De Fp (Grado Medio: Prueba De Acceso). —
Editorial MAD

6. **PRAZOS DE INSCRIPCIÓN, DATAS EXAME E LUGAR**

Toda esta información aínda é provisional; tomamos de referencia os anos anteriores. De momento estamos pendentes de convocatoria:

- ✎ As datas de inscrición ás probas para ciclos medios será do 15 ao 26 de marzo de 2021. Este proceso realízase a través da aplicación de FP. Dende o departamento de orientación facilitamos este procedemento. É importante ir tendo a seguinte documentación apuntada. No caso de menores de idade: datos persoais do menor que quere acceder as probas (Núm. DNI, correo electrónico actualizado co que se vai a facer a admisión, teléfono contacto), Datos dos proxenitores (apelidos, nome e núm. DNI dos proxenitores, teléfono de contacto).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA

Agra de Baño 21, MUROS – 15259

Tlf.: 881 867 110

ies.fontexeria@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA

Departamento de Orientación



Lugares: CIFPs ou outras sedes. Indicarase con tempo
antes da realización da proba e dependendo onde se entregue o
documento de solicitude pode variar a localidade da sede do exame (no caso do noso IES sería en
Santiago de Compostela – centro a determinar)

+INFO NO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO IES FONTEXERÍA.

Cita previa coa orientadora no teléfono 881867110